

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE MARZO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

6/06.- Restollal, S.A.- Edificio (24 vivendas), na parcela 7 do SUNP-17, Paxonal.-

196/07.- Construcciones Alea, S.L.- Legalización das modificacións executadas na obra de edificación levada a cabo na parcela 4B2 do SUNP-16 de Volta do Castro.-

231/06.- Saldi Barreira, S.L.- 20 viv. unifamiliares encostadas na Unidade de Xestión núm.16 de Santas Mariñas.-

2183/06.- Rios Sánchez e Hijos Promociones, S.L.- Legalización modificacións executadas na edificación sita no quinceiro 17 do Polígono 2 do SUP-5 da Choupana, Rúa Sempre en Galiza núm.5.-

1813/05.- Sociedade Cooperativa de Vivendas, Vivenda Local Galega.- Legalización modificacións na construción de dous edificios no quinceiro 4 do Polígono 1 do SUP-5 da Choupana.-

407/06.- Sociedade Cooperativa de Vivendas, Vivenda Local Galega.- Legalización modificacións executadas na edificación sita no quinceiro 2 do Polígono 1 do SUP-5 da Choupana.-

317/07.- Diansa, S.L.- Derruba edificación existente e movementos de terra na R/ Outeiro de Sar núm.10-12.-

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

478/07.- Moure, Remuñán y Amigo C.B.-Expte...537/06.....1.200
€.-

336/07.-José Gontán Rodríguez.-Expte....2087/00.....567.000 ptas....3.407,74
€.-

374/07.-Mª Soledad Iglesias Redondo.-.....Expte....1504/02.....2.813
€.-

APERTURAS.-

Lap/190/06.- M Caeiro, S.A.- Apertura de Nave industrial para taller de reparación e venda de automóviles en Vía Isaac Peral núm.12-18.-

Lap/301/05.- Ivan Vázquez González.- Apertura de despacho de pan con sección de cocción final na R/ Algalia de Arriba núm.49.-

Lap/391/06.- Rosa Mª Uzal Dono.- Apertura de frutería-peixería na Avda. Rosalía de Castro núm.103.

Lap/50/05.- Adolfo Muiños Rivas.- Apertura de taller de reparación de vehículos (Chapa e pintura) no Polígono do Tambre-Cidade do Transporte núm.45.-

Lap/458/06.- Pescadería Prego.- Peixería en Rúa Meixonfrío, SUNP-1, Bloque 1, Local 1.-

OCIHR LICENZAS

FAVORABLES

LIC/695/2006.- Fernando Vieito Liñares.- Construción de vivenda unifamiliar na rúa Espírito Santo,nº39.-

6.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Acórdase a concesión de axudas para vivenda e gastos de manutención a varias familias.

7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de recursos de reposición contra acordo de aboamento de paga única correspondente ao segundo semestre do ano 2006.

Resólvense os recursos formulados por catro funcionarios.

8.- Adxudicación das Obras de creación dunha área de xogos infantís en POZA REAL DE ARRIBA.

Adxudícanse as obras á empresa CESPAS, SA, por un importe de 41.000 euros.

9.- Adxudicación das Obras de mellora en viais e beirarrúas na rúa do Gaiás (Desde Fontiñas ata Sar).

Adxudícanse as obras á empresa CESPAS, SA, por un importe de 59.990 euros.

10.- Adxudicación das Obras de ampliación de instalacións de alumeado público no acceso a Laraño desde a Barcia, en Marantes e no lugar de A Cepeira (Vilvestro).

Apróbanse os presupostos elaborados polo enxeñeiro técnico municipal e adxudícanse as obras á empresa DAVIÑA, SL, por un importe de 11.769,75 euros.

11.- Prórroga do contrato de Asistencia técnica para a consolidación da páxina web municipal.

Apróbase a prórroga por un ano do devandito contrato.

12.- Adxudicación das Obras de Acondicionamento para a posterior instalación de elementos deportivos e de xogo no PARQUE DA CONSTITUCIÓN.

Adxudícase a obra á empresa CESPAS, SA, por un importe de de 58.000 euros.

13.- Adxudicación do Subministro de 1.000 litros de dispersante ecolóxico para limpeza de Hidrocarburos.

Apróbase o subministro.

14.- Adxudicación do Subministro de material funxible para a Banda municipal de Música (1º semestre 2007).

Apróbase o subministro.

15.- Adxudicación do Subministro e instalación de manguera de fibra óptica desde o CSC Frei Rosendo Salvado ata o Campo da Estrela.

Apróbase a contratación do subministro e instalación de manguera de fibra óptica dende o CSC Frei Rosendo Salvado ata o Campo da Estrela, por un importe de 10.803,20 euros, e adxudícase á empresa TELVENT.

16.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación das Obras incluídas no proxecto de Urbanización da Unidade de Xestión 16 SANTAS MARIÑAS.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 1.262.169,15 euros.

17.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación de Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución, a dirección de obra e a

coordinación de seguridade e saúde das obras de Construcción da Escola infantil municipal de Tras Parlamento.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, cun tipo de licitación de 26.260 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á Aprobación do programa de actividades de FESTACTIVA 2007.

Apróbase o programa de actividades de Festactiva 2007 e un orzamento de 21.140 euros.

19.- Adxudicación do Servizo de actividades de Fin de Festa dentro do programa FESTA ACTIVA 2007.

Adxudícase o devandito servizo á empresa COPERACTIVA CULTURAL, SL, por importe de 7.656 euros.

20.- Adxudicación do Servizo de monitoraxe e desenvolvemento de actividades formativas dentro do programa FESTA ACTIVA 2007.

Adxudícase o devandito servizo á empresa CULTURACTIVA, SCG, por importe de 8.584 euros.

21.- Prórroga e revisión de IPC do contrato de Prestacion do servizo de Conservación, Mantemento, Reposición e nova implantación de Sinalización Horizontal e Vertical do termo municipal.

Acórdase prorrogar o devandito contrato por un ano e a revisión do prezo de adxudicación conforme ás variacións correspondentes ao IPC.

22.- Adxudicación da Instalación de máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending nos recintos deportivos do Concello de Santiago de Compostela (Procedemento Negociado).

Adxudícase a devandita instalación á empresa AB SERVICIOS SELECTA ESPAÑA, SL, que ofrece un canon de 220 euros/ano por máquina instalado e un 3'5% sobre a recadación obtida.

23.- Adxudicación de Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de Reforma e ampliación de edificación destinada a Aula de Coñecemento do Medio Rural en Figueiras.

Adxudícase a devandita asistencia técnica á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SL, por un importe de 11.999 euros.

24.- Adxudicación das Obras de ampliación da Iluminación na rúa Carreira do Conde.

Adxudícanse as obras á empresa DAVIÑA, SL, por un importe de 14.360,73 euros.

25.- Adxudicación das Obras de ampliación de instalacións de alumeado público en ARINS.

Adxudícanse as obras á empresa DAVIÑA, SL, por un importe de 10.970,30 euros.

26.- Aprobación do prego e inicio do expediente de contratación para a explotación do servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas particulares, así como o inicio do expediente de contratación por concurso e procedemento aberto, cun tipo de licitación de 12,85 euros/hora, para os servizos prestados en xornada laboral de luns a sábado, e de 13,95 euros/hora, para os servizos prestados en domingo e días festivos.

27.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á solicitude de recoñecemento oficial e inclusión na Rede Galega de Locais de Ensaio, dos locais de ensaio de música do Multiusos de San Lázaro.

Apróbase a solicitude de recoñecemento oficial e a inclusión na Rede Galega de Locais de Ensaio dos espazos habilitados con este motivo nos baixos do Estadio Multiusos de San Lázaro.

28.- Revisión de prezos do contrato administrativo para a xestión por concesión administrativa do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria no termo municipal de Santiago de Compostela.

Acórdase a revisión de prezos, segundo o incremento do IPC do período agosto 2005-decembro 2006.

29.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións para Escolas Deportivas (1º semestre 2007).

Apróbanse as bases da convocatoria para a concesión de subvencións para as devanditas escolas deportivas correspondentes ao primeiro semestre do ano 2007, así como a dotación orzamentaria de 35.000 euros.

30.- Aprobación da liquidación de xuros a unha empresa.

Apróbase a devandita liquidación de xuros.

31.- Proposta da concelleira de Benestar Social, relativa a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de SC e a asociación Síndrome de Down Compostela.

Apróbase a sinatura do convenio, cunha contía de 3.005 euros.

32.- Proposta dos concelleiros delegados de Mercados, Festas e Deportes relativa á aprobación do gasto e celebración da feira cabalar da Ascensión 2007.

Apróbanse os gastos do evento, que totalizan 14.116 euros.

33.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto presentado por Alberto Rodríguez Boo como iniciativa local de emprego.

34.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á recepción de obras de urbanización no polígono A do solo urbanizable non programado número 10 (SUNP-10). Carme de Abaixo.

Dánse por recibidas as obras; ínstase ao Rexistro da Propiedade á cancelación da afección real dos terreos ao cumprimento do deber de urbanizar; e requírese aos propietarios do polígono a constitución dunha Entidade de Conservación para o mantemento da urbanización.

35.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto modificado número 1 de urbanización do solo urbanizable programado número 6 (SUP-6). Santa Marta.

Apróbase inicialmente o devandito proxecto e o seu sometemento a información pública por un período de 20 días.

36.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto modificado número 1 de urbanización do solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22). Castro de Abaixo.

Apróbase inicialmente o devandito proxecto e o seu sometemento a información pública por un período de 20 días.

37.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto modificado de urbanización dos sectores do solo urbanizable programado número 6 (SUP-6) de Santa Marta e solo urbanizable non programado número 22 (SUNP-22) de Castro de Abaixo. Conexións exteriores de augas pluviais e residuais.

Apróbase inicialmente o devandito proxecto e o seu sometemento a información pública por un período de 20 días.

38.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ó recurso de reposición presentado por LAYETANA SANTIAGO, SL contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro de 2007 polo que se denega a licenza de obras proxecto básico do edificio na "Finca do Espiño".

Acórdase desestimar o recurso de reposición.

39.- Aprobación do proxecto modificado nº 1 do de Urbanización do POLIGONO A do SUNP-6 de San Lazaro (zona de usos terciarios) .

Apróbase o proxecto modificado.

41 a 80 .- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais en varios impostos.

Concédense diversas exencións e bonificacións fiscais relativas ao IVTM e de recollida de lixo.

81.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de diversas exencións no Imposto sobre bens inmobles.

Apróbase a concesión de diversas exencións.

82.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á exencións no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Apróbase a concesión de diversas exencións.

83.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa á concesión de exencións nas taxas pola sumministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense diversas exencións.

84.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á concesión dunha subvención nominativa á Universidade de Santiago-VOLUNTARIADO SOCIAL para 2007.

Apróbase a concesión da devandita subvención, por un importe de 3.005 euros.

85.- Aboamento por prestacións de servizos extraordinarios, gratificacións e plus de transporte.

Acórdase o aboamento ao persoal das cantidades polos devanditos servizos.

86.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á realización dun libro de memoria das actividades de dinamización comercial da concellería.

Apróbase a realización do libro de memoria, por un importe de 9.000 euros.

87.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á compra de material audiovisual para a oficina de Promoción Económica e Emprego.

Apróbase a compra de material, por 12.020,24 euros.

88.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á adquisición de 11 soportes para exhibición de información para exterior para o seu uso en diversas actividades da Concellería de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados.

Apróbase a adquisición, por un importe de 10.054 euros.

URXENCIAS

1.- Adxudícanse as obras de mantemento e conservación de vías públicas municipais á empresa EULOGIO VIÑAL, por 1.100.000 euros.